

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no "Decreto 155/2022 do 15 de setembro (DOG 16-09-22) polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos recollidos neste Decreto.

En canto á estrutura do currículo da área de Música e Danza, a partir dos obxectivos da etapa e dos descritores que conforman o perfil de saída do alumnado, establécense cinco obxectivos da área, que podemos definir como aquelas aprendizaxes competenciais ás que esta contribúe de forma máis directa, xa que posúen unha maior afinidade ou relación con ela. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos criterios de avaliación que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

Estes criterios de avaliación aparecen no currículo da área relacionados cos contidos, que se organizan en catro bloques fundamentais: Educación musical: percepción e análise, Educación musical: creación e interpretación, Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise, e Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación. Cada un destes catro bloques de contidos ten características propias, aínda que todos están relacionados entre si. No primeiro e no terceiro, inclúense todos aqueles aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva, visual, auditiva e corporal, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da contorna para analízalo e comprendelo: percepción e análise. O segundo e o cuarto bloques fan referencia á expresión creativa de ideas, sentimentos e sensacións, mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instrumentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas: creación e interpretación.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña 1. Por tal motivo, o centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. O centro conta con comedor e transporte escolar, seguindo as pautas facilitadas no Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia así como no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 15 docentes, incluíndo ás profesoras de Educación Infantil, as profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación, é dicir, cóntase con: 3 mestras de Educación Infantil e unha mestra de apoio; 6 titoras de Educación Primaria (unha delas cumpre tamén a función de directora e outra de xefa de estudos) unha especialista de lingua inglesa que cumpre a función de secretaria, un especialista de música, unha especialista de educación física, un mestre de relixión compartido con outro centro, unha orientadora compartida con outro centro, unha mestra de Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Audición e Linguaxe compartida tamén con outro centro.

En canto ao alumnado, os alumnos e alumnas que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de zonas próximas ao centro. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media-baixa. Trátase dun total de 113 alumnos e alumnas.

A lingua predominante no alumnado/as é o castelán, sendo competencia do centro que ao final da etapa acaden as competencias en ámbalas dúas linguas oficiais. A Música e a Danza, grazas a gran riqueza cultural recollida en galego, pode e debe contribuír a adquirir esta competencia.

Está programación consta de tres Unidades Didácticas, unha para cada trimestre. A través dela, queremos inculcarlle ao alumnado que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel, Cuarto de Primaria, remata o 2º ciclo, que procura que o alumnado deste centro mellore na súa autonomía ao longo deste, especialmente nas súas producións artísticas. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os IPAI queren un IPAD.	Esta unidade pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de Segundo de Primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir	40	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os IPAI queren un IPAD.	desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	40	14	X		
2	Tres músicos universais: Bach. Mozart e Beethoven.	A unidade dous prosigue o traballado na anterior, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	30	10		X	
3	Un cantante necesita unha orquestra.	A unidade tres desenvolve un pouco máis os elementos de contidos das unidades anteriores, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados. As Letras Galegas co Día da Muiñeira e o Día da Música serán de especial relevancia.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os IPAI queren un IPAD.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece as propostas musicais seleccionadas e traballadas na aula. Descubre a Johan Sebastian Bach.	PE	80
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Distingue IPAI e IPAD. Relación estes instrumentos con ritmo e melodía e como partes esenciais da música.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	A altura, as notas; a duración, as figuras, A intensidade e os seus reguladores; Notas de do a do agudo en ditado melódico o e fononímia; Recoñece as formas binaria, ternaria e Rondo; Segue un musicograma. Distingue compás binario, ternario e cuaternario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	20
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos. Improvisa vocal ou corporalmente 4 pulsos no último compás dunha secuencia de 4 compases.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves. Interpreta musicogramas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena pequena danza.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación facial das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativa		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza percusión corporal grupalmente e nas obras traballadas na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Tres músicos universais: Bach. Mozart e Beethoven.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece os compositores Bach, Mozart e Beethoven. Discrimina as obras dos compositores traballadas na clase.	PE	80
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece as características dos instrumentos de vento madeira e vento metal. instrumentos da música tradicional e popular galega traballados en clase. Recoñece os compositores traballados:		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Dobre barra e signos de repetición. Figuras redonda, branca, negra corchea e semicorchea e os silencios de redonda, branca, negra e corcheas. Realiza ditados rítmicos de 8 pulsos, coas figuras redonda, branca, negra, corcheas, semicorcheas e silencio de redonda, branca e negra e melódicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece, nomea e clasifica algúns instrumentos.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nunha danza grupal para o Entroido.	TI	20
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Interpreta en e desfruta das interpretacións musicais coa frauta ou instrumentos de percusión altura determinada e indeterminada.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas ou partituras.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de catro compases de grafía convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación corporal (inclúese tamén a facial) das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca información sobre instrumentos.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza grupalmente movementos dunha coreografía aprendida.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafas convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa

Contidos

- expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Un cantante necesita unha orquestra.	11

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Clasifica as diferentes voces e instrumentos traballados na aula. Recoñece os instrumentos empregados na Muiñeira traballada na clase.	PE	80
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	A ligadura de unión e o punto. Recoñece de todos elementos fundamentais da música e da linguaxe traballados durante o curso.		
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece diferentes emocións transmitidas en diferentes propostas seleccionadas.	TI	20
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Toca na frauta as notas do, re mi, fa, sol, la, si; do e re agudos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le partituras para interpretar a frauta.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de catro compases de grafía convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Experimenta e elabora en grupo un listado de instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece as representacións escénicas e performativas traballadas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que utilice as posibilidades expresivas do corpo.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida, a Muiñeira.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafas convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes unidades permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúnhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevar o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- Fórmulas rítmicas (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono, elementos da clase (mesa, silla...) e/ou coa voz
- Consciencia e colocación da postura corporal
- Respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.
- Notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- Formulas de ostinatos rítmicos.
- Dixitación das notas traballadas na frauta.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, poderá empregarse como recurso, a páxina web do centro.

Nesta o alumnado poderá acceder a:

- Recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas.
- Vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso.
- Ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- Outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión altura determinada (PAD).
- Encerado dixital.
- Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
- Altosfalantes.

- Piano electrónico.
- Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual.
- Cartafol con fundas plásticas.
- Frauta.
- Estoxo.

Neste centro, cóntase con variados instrumentos PAI e PAD. Os PDA non son suficientes para que todo o alumnado poida tocar á vez, polo que nos vemos na necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar as mesas. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo especificamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altosfalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol con fundas plásticas para fichas, frauta e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras dúas sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- Alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior

- Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz. Estas probas faranse con observación directa e con unha proba escrita.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado realizarase unha reunión de Avaliación Inicial no mes de setembro ou outubro coa persoa titor, co Departamento de Orientación e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos Criterios de Avaliación serán avaliados por probas escritas e pola observación directa.

A nota trimestral, no tocante o que ás Unidades Didácticas se refire, será un tanto por cento mediante a observación directa e outro tanto por cento, maior, da proba escrita.

A avaliación será continua, pero dado que hai que dar un tanto por cento por trimestre, o 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 40%

- 2º trim. 30%

- 3º trim. 30%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Actuaremos da seguinte maneira: - Aplicar unha avaliación continua. Polo que os contidos traballados no primeiro trimestre serán de novo repasados, traballados e reforzados no segundo trimestre e o mesmo acontecerá no terceiro trimestre respecto ao primeiro e segundo; aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada Criterio de Avaliación ao final de cada Unidade poderá recuperalo na avaliación seguinte. De non acadar os Criterios de Avaliación en cada un dos trimestres, comunicaráselle a titora e esta no seu informe ou reunión de titorías as familias aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.). - Trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto. Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente, poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos: - Se se trata de algo máis ben específico (un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar en xuño. - Se se trata dun aspecto de adquisición progresivo (coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, como comentei anteriormente que na unidade tres do terceiro trimestre recóllense os contidos e Criterios de avaliación das unidades un e dúas, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a idiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.

- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifícan actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular.

Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do Departamento de

Orientación; e traballárase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase. Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grañas de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Empredemento	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres		X	
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos		X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais 1,2,3,4,5,6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada Unidade didáctica, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballárase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballárase ao abeiro do B2 tamén se traballará no 2º trimestre a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Baile Samaín	Baile que realizaremos todos os cursos xunto para celebrar o Samaín	X		
Festival do Nadal	Cantiga ou baile de Nadal en colaboración coa titora do nivel	X		
Entroido	Cantiga relacionada co Entroido		X	
Concertos realizados polo Concello, Fundacións, Escola de Música de Bueu ou Correlingua	Participaremos nos concertos que resulten de interese para o alumnado, convocados polo Concello, Fundacións, Escola de Música de Bueu ou o Correlingua	X	X	X
Día da muñeira	Traballaremos pola letras galegas a muñeira a nivel de centro coa colaboración dos titores/as.			X

Observacións:

Realizaremos as actividades que vaian xurdindo ao longos dos tres trimestres e que sexan de interese para este nivel.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das Unidades Didácticas ás características e necesidades do alumnado.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Medidas de atención á diversidade
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas

Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo. A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das unidades en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da Programación Didáctica tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou son suficientes, de cara á elaboración de seguintes programacións.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a Programación Didáctica. Tendo en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da Programación no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás Unidades: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da Programación con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrecese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora

para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados